



CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adl@concellocarballo.es

DECRETO.- Aprobación de Bases e Convocatoria para a contratación de (1) socorrista en instalacións acuáticas, para o Servizo de vixilancia, rescate e salvamento nas piscinas públicas municipais durante dous (2) meses, e creación dunha bolsa de emprego para o Ano 2025.-

Vista a Orde de 27 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrência competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento PR460D), publicada no DOG nº 30 do 13 de febreiro de 2025, Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Visto que, ao abeiro da amentada Orde, a Dirección xeral de Emerxencias e Interior comunica a este concello a Resolución pola que se lle outorga ao Concello de Carballo unha subvención para o Servizo de vixilancia, rescate e salvamento, por un importe equivalente ao 50% sobre o orzamento elixible do proxecto, para a contratación de un / unha SOCORRISTA EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS para o Servizo de vixilancia, rescate e salvamento nas piscinas públicas municipais.

Considerando a necesidade urxente de proceder á contratación laboral temporal de 1 socorrista para traballar nas piscinas municipais nos meses de xullo e agosto de 2025. A data prevista para a apertura das piscinas municipais é o día 1 de xullo de 2025, polo que é necesario proceder á selección de un / unha SOCORRISTA EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS para o Servizo de vixilancia, rescate e salvamento nas piscinas públicas municipais durante dous (2) meses, e creación dunha bolsa de emprego para o Ano 2025.-

Vista a necesidade de dispor de persoal laboral para cubrir temporalmente dita praza.

En uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local en materia de persoal.

Vistas as competencias delegadas pola Alcaldía mediante Resolución de data 21 de xuño de 2023, e vista a urxencia de levar a cabo este proceso selectivo, e ante a imposibilidade de esperar á seguinte Xunta de Goberno Local, sendo conveniente aprobar o expediente por avocación de competencias, esta Alcaldía **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Avocar as competencias previamente delegadas por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local para o presente acordo.

SEGUNDO.- Aprobar as bases segundo o anexo que se acompaña á presente resolución, así como a convocatoria para a selección de un / unha SOCORRISTA EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS para o Servizo de vixilancia, rescate e salvamento nas piscinas públicas municipais durante dous (2) meses, e creación dunha bolsa de emprego para o Ano 2025.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto con cargo ás partidas correspondentes do vixente orzamento municipal.

CUARTO.- Publicar na páxina web do Concello de Carballo, <http://www.concellocarballo.es> no apartado áreas de interese – oferta de emprego, e no Taboleiro de anuncios do concello, un anuncio indicativo deste procedemento de selección, así como o texto íntegro das bases que rexerán a convocatoria.

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo á Xunta de Goberno Local e ao Pleno na seguinte sesión que se celebre.

En Carballo, a 17 de xuño de 2025.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

O Alcalde, D. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco

O Secretario, D. Fernando Torre Comesaña





CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adl@concellocarballo.es

ANEXO.- BASES E CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A OCUPACIÓN DE SOCORRISTA EN INSTALACIÓN ACUÁTICAS para o Servizo de Vixilancia, Rescate e Salvamento nas Piscinas públicas municipais, para a selección de un / unha socorrista para traballar nas piscinas municipais do Concello de Carballo.- Ano 2025.-

1.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é regular o proceso de selección de persoal laboral temporal, para a ocupación de Socorrista en Instalacións Acuáticas, para o Servizo de Vixilancia, Rescate e Salvamento, para traballar nas piscinas municipais do Concello de Carballo.

Se seleccionará a un / unha SOCORRISTA EN INSTALACIÓN ACUÁTICAS para o Servizo de vixilancia, rescate e salvamento nas piscinas públicas municipais durante dous (2) meses, e creación dunha bolsa de emprego para o Ano 2025.

Exclusivamente se poderá tirar da bolsa de traballo para contratar un/unha Socorrista, en función das previsións contidas neste apartado, e das dispoñibilidades orzamentarias. En todo caso a decisión de recorrer á bolsa corresponde ao Concello de Carballo.

A modalidade contractual será a dun contrato vinculado a programas de políticas activas de emprego, a tempo completo, durante 2 meses (xullo e agosto de 2025).

As funcións a realizar son as propias dun servizo destas características, na categoría de Socorrista en Instalacións Acuáticas, para o Servizo de Vixilancia, Rescate e Salvamento, para traballar nas piscinas municipais do Concello de Carballo.

O contrato de traballo temporal será a tempo completo, 40 horas semanais de luns a domingo, en función das necesidades do servizo, cos descansos regulamentarios.

Tipo de contrato: vinculado a programas de políticas activas de emprego, a tempo completo.

Sistema de selección: concurso – oposición.

Tempo de contrato: 2 meses.

Prazas: unha (1)

Titulación mínima: Título de Socorrista en Instalacións Acuáticas, e Graduado Escolar ou titulación equivalente ou superior.

Retribucións: segundo a Memoria presentada coa solicitude de subvención.

Período de proba: dacordo coa lexislación vixente.

2.- CONDICIÓN DAS PESSOAS ASPIRANTES

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumpri-los seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:





CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adl@concellocarballo.es

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.
Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.
- Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter acadada a idade de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.
- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- Estar en posesión, necesariamente, das seguintes titulacións: Título de Socorrista en Instalacións Acuáticas, e Graduado Escolar ou titulación equivalente ou superior.
- **Estar inscrito/a no Rexistro Profesional do Persoal de Socorrismo, Información e Primeiros Auxilios de Galicia.**
- **Estar desempleado e inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.**

3.- DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes para participar formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e dirixiranse ao Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello ou polas outras formas previstas na Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, durante o **prazo de tres días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación na páxina web do Concello de Carballo <http://www.concellocarballo.es> *no apartado áreas de interese – oferta de emprego*, do anuncio da convocatoria e das bases do proceso selectivo, sendo o horario de presentación de documentación:

- de luns a venres: 9:00 a 14:00 h.

Non obstante, de non presentarse no Rexistro Xeral do concello de Carballo, é obrigatorio que os/as interesados/as, dentro do prazo, remitan por correo electrónico ao e-mail adl@concellocarballo.es unha copia completa da solicitude con toda a documentación e méritos alegados, para que quede constancia dos méritos que se presentan en prazo.





CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adl@concellocarballo.es

Xunto coa Instancia (Anexo I) deberá achegarse a seguinte documentación:

- **Anexo II : Declaración responsable**
- **Fotocopia do D.N.I.** ou documento de identidade que acredite a súa nacionalidade; a documentación presentada ten que estar en vigor.
- **Fotocopia do Carné de Conducir**, en caso de dispoñer do mesmo.
- **Fotocopia do Título de Socorrista en Instalacións Acuáticas, e Graduado Escolar** ou titulación equivalente ou superior.
- **Documento que acredite estar inscrito/a no Rexistro Profesional do Persoal de Socorrismo**, Información e Primeiros Auxilios de Galicia.
- **Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego** (inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego).
- **Certificado negativo de antecedentes expedido polo Rexistro Central de Delincuentes Sexuais**.
- **Celga 2**, ou equivalente ou superior, en caso de dispoñer do mesmo.
- **Relación de méritos que alega e documentación xustificativa de cada un deles**.

Toda a documentación presentada poderá ser en fotocopia simple, sen compulsar. As persoas aspirantes que se presenten a este proceso selectivo poderán ser requiridos en calquera momento para que presenten os orixinais para poder ser cotexados cos documentos fotocopiados, se o Tribunal Cualificador o considera necesario, ou posteriormente durante a vixencia do contrato de traballo que se subscriba.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

4.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES, E TRAMITACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN

Rematado o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello, concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou corrección de erros que soamente poderán ser formuladas polas persoas excluídas.

Previamente á fase de oposición, o tribunal valorará a documentación presentada de acordo co baremo de méritos xerais que figuran nas presentes bases. Para valoralos méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos (**orixinais ou fotocopias**); en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 45.b da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello.

A información de carácter persoal contida nas mesmas será posíbel baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando tomar parte no proceso, dan a súa autorización para que se empreguen os seus datos persoais.

O resultado da proba, xuntamente co resultado da baremación de méritos, será publicado no taboleiro de anuncios do Concello. O tribunal formulará a proposta de contratación da persoa que obtivese a maior puntuación, e a formación dunha bolsa de traballo coas persoas que teñan superada a fase de oposición, de carácter eliminatorio. A proposta do tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.





CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adl@concellocarballo.es

O acordo que adopte a Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello, para coñecemento de todas as persoas aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na lexislación vixente.

5.- FASE DE CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS: Puntuación máxima 5 puntos

Valoración da Formación, cunha valoración máxima de 5 puntos:

- Carné de conducir B: **1 punto.**
- CELGA 3, ou superior: **1 punto.**
- Cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados coas tarefas a desenvolver, homologados e recoñecidos por escolas públicas de formación de persoal ao servizo das administracións públicas, por administracións públicas e universidades:
 - De 10 a 50 horas: 0,50 por cada curso.
 - De 51 a 100 horas: 1 punto por cada curso.
 - De máis de 100 horas: 1,5 puntos por cada curso.
- Outros cursos: 0,25 cada curso, ata un **máximo de 1 punto.**

Os méritos deste apartado acreditaranse mediante fotocopias dos correspondentes títulos ou diplomas.

6.- FASE DE OPOSICIÓN: Puntuación máxima 20 puntos.

Primeiro exercicio.- Exame tipo test:

Será obrigatorio, e consistirá na realización dun exame por escrito (tipo test), sendo a materia obxecto de exame o Temario que figura no Anexo III destas bases.

Dita proba será presencial, sendo o tempo de duración, como máximo de 30 minutos. Constará de 20 preguntas, con tres ou catro respostas alternativas, das que só unha é a correcta. Por cada pregunta na que se marque unha resposta errónea, minorará a puntuación en -0,25 puntos.

O exercicio tipo test será tamén eliminatorio, sendo preciso acadar unha puntuación mínima de dez puntos para superalo. As persoas que non acaden esta puntuación mínima serán excluídas do proceso de selección.

Segundo exercicio.- Proba de galego:

As persoas aspirantes á praza que non poidan acreditar un nivel de certificación da lingua galega equivalente ou superior ao Celga 2, deberán realizar unha proba de galego, que consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego, ou do galego para o castelán, a libre elección do Tribunal de Selección.

Dita proba será presencial, sendo o tempo de duración, como máximo, de 30 minutos.

O exercicio de galego realizado polas persoas aspirantes será cualificado como apto ou non apto polo Tribunal de Selección. A non superación deste exercicio será causa de exclusión do proceso selectivo.





CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adl@concellocarballo.es

7.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador estará constituído da seguinte forma:

- Presidente: D. Jesús Sánchez Rodríguez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local

Suplente do presidente: persoa en quen delegue.

- Vogal 1: D^a. Lorena Lorenzo Deus, Administrativa

Suplente vogal 1: persoa en quen delegue.

- Vogal 2: D^a. María Sonia Moure Alonso, Orientadora Laboral

Suplente vogal 2: persoa en quen delegue.

- Secretario: D. Ramón Couso González, funcionario municipal

Suplente do Secretario: persoa en quen delegue.

Seralle de aplicación ó tribunal o previsto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, en canto á abstención e á recusación.

A Presidencia ou o tribunal poderá dispor a incorporación ós seus traballos dun asesor especialista, con voz e sen voto, cando a natureza ou circunstancias das probas así o aconsellen, limitándose o mencionado asesor a prestar a súa colaboración na súa especialidade técnica.

A selección levarase a cabo no lugar, día e hora que se especifique mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de edictos do concello, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de dous dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a, esta última persoa sen voto.

A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase a paridade entre homes e mulleres.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

O día da selección os candidatos comparecerán co DNI/Tarxeta de residencia.

8.- CONTRATACIÓN DO PERSOAL SELECCIONADO.

A.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA PREVIA Á FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: CERTIFICADO DA ENTIDADE BANCARIA E CERTIFICADO MÉDICO.

A persoa aspirante seleccionada presentará no rexistro do concello, no prazo de tres días hábiles contados dende a comunicación que lle faga o concello para incorporarse ao posto de traballo, a seguinte documentación:

*Certificado da entidade bancaria que acredite o número de conta (IBAN), a efectos de ingreso da nómina.

*Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal exercicio das funcións correspondentes á praza á que se opta.





CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adl@concellocarballo.es

Se o concello considera que o certificado médico aportado non é o suficientemente claro para determinar se a persoa pode desempeña-lo posto de traballo, entón o/a aspirante proposto deberá pasar unha revisión médica na mutua que estableza o concello, correndo por conta deste último os gastos derivados da revisión.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase o certificado médico, este fose desfavorable ou o informe da mutua (en caso de ter que pasa-la revisión) tamén fose desfavorable, entón o/a aspirante non será nomeado para a praza, quedando anuladas tódalas súas actuacións. Neste suposto procederase a chamar a seguinte persoa por orde de puntuación, tendo tamén que acreditar, segundo o procedemento descrito, a circunstancia contemplada no presente artigo.

B.- NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior, formalizarase o contrato de traballo vinculado a políticas activas de emprego, entre o Sr. Alcalde do Concello e o/a aspirante seleccionado/a, unha vez comprobado que se cumpriron as condicións contidas no artigo 1 sobre o obxecto das presentes bases.

Ata que se formalice o mesmo e se incorpore ao posto, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha.

O acordo definitivo que adopte Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello.

9.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A este proceso selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN, no non previsto nas presentes bases, resultará de aplicación o TREBEP, aprobado polo Real decreto 5/2015, do 30 de outubro. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente e que non se opoñan ao disposto no TREBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e se regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e se regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.





CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adl@concellocarballo.es

- Decreto 63/2021, do 22 de abril, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas de Galicia e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- Decreto 43/2023, do 4 de maio, polo que se modifica o Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 27 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrència competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.
- Demais disposicións aplicables.

10.- RECURSOS

Contra a presente convocatoria, as súas bases e os actos de aplicación desta, poderá interpoñerse optativamente un dos seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o mesmo órgano autor do acto, no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto ou acordo.
- Recurso Contencioso-Administrativo ante os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ao disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da publicación do acto ou acordo, en harmonía co establecido no artigo 46 da devandita Lei

11.- NORMA FINAL

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.





CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adi@concellocarballo.es

ANEXO I.- INSTANCIA

(AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO)

D/D^a..... provisto/a de D.N.I. nº.....
con enderezo en núm. piso.....
C.Postal..... Localidade..... Municipio.....
Provincia..... Teléfono /móbil..... /
Fax.....
Correo electrónico.....

Enterado/a do procedemento de selección de [un / unha SOCORRISTA EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS](#) para o Servizo de vixilancia, rescate e salvamento nas piscinas públicas municipais durante dous (2) meses, e creación dunha bolsa de emprego para o Ano 2025.

DECLARO:

- 1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2º.- Solicito ser admitido/a a dito procedemento, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.
- 3º.- Que autorizo ó Concello de Carballo para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.
- 4º.- Que adxunto a esta instancia a relación de méritos que se xustifican e a súa acreditación.

Carballo, de de 2025

Asdo.:

APORTO A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- **Anexo II : Declaración responsable**
- **Fotocopia do D.N.I.** ou documento de identidade que acredite a súa nacionalidade; a documentación presentada ten que estar en vigor.
- **Fotocopia do Carné de Conducir**, en caso de dispoñer do mesmo.
- **Fotocopia do Título de Socorrista en Instalacións Acuáticas, e Graduado Escolar** ou titulación equivalente ou superior.
- **Documento que acredite estar inscrito/a no Rexistro Profesional do Persoal de Socorrismo**, Información e Primeiros Auxilios de Galicia.
- **Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego** (inscrito/a no Servizo Publico de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego).
- **Certificado negativo de antecedentes expedido polo Rexistro Central de Delinquentes Sexuais.**
- **Celga 2**, ou equivalente ou superior, en caso de dispoñer do mesmo.
- **Relación de méritos que alega e documentación xustificativa de cada un deles:**

- _____
- _____
- _____

(de ser necesario, pode continuar en folia aparte)





CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adl@concellocarballo.es

ANEXO II.- DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a.....

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

Que estou inscrito/a no Servizo Publico de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego.

Que dispoño do Título de Socorrista en Instalacións Acuáticas, e Graduado Escolar ou titulación equivalente ou superior.

Que estou inscrito/a no Rexistro Profesional do Persoal de Socorrismo, Información e Primeiros Auxilios de Galicia.

Carballo, de de 2025

Asdo.:





ANEXO III

TEMARIO PARA A PRAZA DE SOCORRISTA EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS

Tema

- 1.** A Constitución española de 1978. Estrutura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.
- 2.** O Estatuto de Autonomía de Galicia.
- 3.** A Organización municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.
- 4.** O municipio de Carballo. Termo municipal. Poboación. Datos de interese do municipio. Distribución xeográfica e parroquial.
- 5.** Cuestións básicas e prácticas do posto a desempeñar, funcións e tarefas.
- 6.** Prevención de riscos e saúde laboral no desenvolvemento das funcións propias da categoría.
- 7.** Socorrismo. Principios xerais.
- 8.** Anatomía e fisioloxía. Conceptos xerais. Sistemas e aparatos.
- 9.** Reanimación cardiopulmonar.
- 10.** Traumatismos. Lesións e contusións.
- 11.** Feridas. Hemorrxias.
- 12.** Shok. Cadros convulsivos.
- 13.** Queimaduras. Trastornos térmicos.
- 14.** Intoxicacións.
- 15.** Picaduras e mordeduras.
- 16.** Accidentes acuáticos.

